

INFORME DE INTERVENCIÓN**Fiscalización previa á concesión dunha subvención para gastos correntes a persoas físicas ou xurídicas privadas** (Mod. FCSGC-PP)

Finalidade da subvención: **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CLUB BÁDMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA PARA AXUDAR Ó FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAL - LIGA NACIONAL DE CLUBES - DIVISIÓN DE HONOR.**

Entidade beneficiaria da subvención: **CLUB BÁDMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA** (CIF: G94146743).

Nº expediente: 2025038096.

Importe do orzamento a subvencionar: 47.000,00 euros (con IVE).

Importe solicitado: 15.000,00 euros.

Importe da subvención proposta: 15.000,00 euros.

% subvención/orzamento: 31,914893 %.

IVE deducible: ☐ Si ☒ Non

Procedemento de concesión:

- ☐ Concorrenza competitiva.
- ☐ Concesión directa.
- ☒ Concesión directa con consignación nominativa.

FISCALIZACIÓN

Do exame da documentación presentada constátase que esta cumpre os requisitos establecidos, excepto os que a continuación se sinalan cun X:

Primeiro. Aspectos formais do contido do convenio.

- ☐ Determinación do obxecto, finalidade e persoa/s beneficiaria/s da subvención.
- ☐ Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía individualizada de seren varias persoas beneficiarias.
- ☐ Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- ☐ Prazo de realización ou execución da finalidade.
- ☐ Prazo e forma de xustificación da realización da finalidade subvencionada e da aplicación dos fondos percibidos.
- ☐ Prazos e modos de pagamento da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados, réxime de garantías.
- ☐ Importe dos gastos que se poden pagar en efectivo e o prazo límite para pagar os gastos realizados na finalidade subvencionada.



- ☐ Requisitos esenciais que se esixirán no control financeiro que, no seu caso, se faga.
- ☐ No texto do convenio figura a obriga de remitir a información sobre o mesmo ó Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e da súa normativa de desenrolo (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016).
- ☐ Memoria xustificativa onde se analice a necesidade e oportunidade, o impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na LRXSP (Lei 40/2015, de 1 de outubro).

Segundo. Aspectos de procedemento en relación coa concesión da subvención.

- ☐ Aprobáronse, no seu caso, as bases reguladoras seguindo o procedemento correspondente, e as mesmas e a convocatoria foron publicadas no BOPPO.
- ☐ A solicitude reúne os requisitos esixidos na base 25ª das aprobadas para a execución do orzamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) ou nas bases reguladoras da subvención, a saber:
 - ☐ A solicitude foi presentada dentro do prazo previsto.
 - ☐ A finalidade para a que se solicita é subvencionable.
 - ☐ A identificación é correcta.
 - ☐ Existe memoria explicativa da finalidade a realizar.
 - ☐ Existe proxecto ou orzamento da finalidade a subvencionar, tanto de gastos (detallando conceptos, unidades e prezos) como de ingresos (detallado por conceptos).
 - ☐ Declaración de non estar incurso en supostos de prohibición para recibir subvencións.
 - ☐ Declaración de outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.
 - ☐ Existe certificación, ou declaración responsable, no seu caso, de estar ó corrente coa facenda do Estado, a Comunidade Autónoma, a Deputación e coa Seguridade Social.
 - ☐ Acredítase a solicitude de tres ofertas e xustifícase a adxudicación efectuada, se o importe do gasto subvencionable supera as contías establecidas na vixente normativa de contratación do sector público para o contrato menor. En todo caso, deberá presentarse no momento da xustificación.
 - ☐ Certificación bancaria para, no seu caso, realizar o aboamento da subvención.
- ☐ A proposta de concesión e a cuantificación da subvención realizáronse seguindo os criterios previstos nas bases reguladoras, no seu caso.



- ☐ Existe xustificación para a concesión directa da subvención, no seu caso, conforme se establece na base 25ª.3ª das aprobadas para a execución do orzamento ou nas específicas reguladoras das axudas.

Terceiro. Outros aspectos sobre o convenio.

- ☐ Existe providencia de inicio do expediente asinada polo Presidente, (CSV: 1319S0FZZHGH61IX).
- ☐ Existe memoria-informe-proposta do responsable do centro xestor. (CSV: CG6NUS1YBZBIF9TY).
- ☐ O convenio foi rexistrado polo centro xestor na plataforma Cividas (cód. núm. 2025000191).

Cuarto. Aspectos orzamentarios.

Na aplicación **25/340.3410.489.02** existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, quedando retido mediante documento RC núm. 12025000125274 por importe de **15.000,00 €**.

Quinto. Aspectos relativos á competencia para a concesión.

O órgano competente para a súa concesión é a Presidencia, en aplicación da base número 16ª.1 das aprobadas para a execución do vixente orzamento provincial, estando delegada dita atribución na/o deputada/o delegada/o de Área, en aplicación da Resolución Presidencial nº RP2025000361 de 20 de xaneiro de 2025 sobre delegación de atribucións da Presidencia ó tratarse dunha subvención nominativa.

OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

(1) Plan Estratéxico

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións establece que *“Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria”*.

A xurisprudencia maioritaria vén entendendo a falta de aprobación previa dun Plan Estratéxico como omisión dun requisito ou trámite esencial, determinante da nulidade.

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra exixe da obriga de elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións “naquelas subvencións cuxos obxectivos son colaborar no financiamento de entidades



de carácter social, cultural ou deportivo, para que poidan seguir realizando as súas actividades. Así mesmo, non será necesario facelo nos plans ou programas de axudas que non acaden a cifra anual de 1.000.000,00 de euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos” (artigo 8.3), si ben, a xuízo desta informante, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003 e 5.1 da Lei 9/2007, este criterio debería revisarse, e aprobarse anualmente pola entidade o correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

(2)Subvención nominativa

O procedemento ordinario para a concesión de subvencións é o procedemento de concorrancia competitiva, de acordo cuns criterios de valoración previamente fixados nunhas bases reguladoras e nunha convocatoria.

O artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sinalan que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da entidade correspondente.

A inclusión da subvención como nominativa debe ir precedida dun estudio xustificativo da súa singularidade, excepcionalidade, da non incorrencia en supostos de discriminación e a imposibilidade ou dificultade parar a súa concesión mediante procedementos de concorrancia competitiva, **requisitos avaliados e informados polo Centro Xestor.**

(3)Publicidade

Todas as subvencións concedidas, incluídas as concedidas mediante convenio, serán publicadas tanto no BOPPO como na páxina WEB nada mais concederse. Non obstante, non será necesaria a publicación da concesión nos supostos recollidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (OXSDEPPO). Asemade, debe remitirse información da mesma á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

(5) Avaliación do cumprimento do principio de estabilidade e da regra do gasto.

O gasto a executar é imputable ao capítulo 4 do estado de gastos (transferencias correntes) e supón un incremento de gasto computable, afectando á **estabilidade** orzamentaria do exercicio.



Ao tratarse dunha actividade de fomento, que non contempla gastos para futuros exercicios, non compromete a sustentabilidade económico-financeira desta entidade a longo prazo.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, coas observacións e recomendacións sinaladas que deberían ser tidas en conta, infórmase favorablemente o expediente, agás o disposto no apartado 1 das observacións.

En Pontevedra,
Documento datado e asinado dixitalmente

